Pyrus communis L., 1753

- pereira, estripo, cagote
- peral cultivado, perera
- udareondo, udare-arbola
- perera, perer
- pear-tree
- pereira



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA **PM**

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Rosales**	**Rosaceae**	***Pyrus***

ORIXE

Europa.

CARACTERÍSTICAS

Porte arbóreo de ata 10 m de altura. Árbore caducifolia. Talo erguido e codia agrisada que se agreta coa idade. Copa redonda ou piramidal, densa. Follas alternas, simples, de forma ovalada ou elíptica, coas marxes finamente dentadas e pecíolo delgado. Son de cor verde intensa no verán e amarelas no outono. De superficie lisa e brillante e o envés algo máis pálido. Flores agrupadas en corimbos, con 5 pétalos cada flor. Son de cores brancas e rosadas. Floración en primavera. O seu froito é a pera, un pomo carnoso de forma oval, con polpa branca, de cor verde ou amarelenta ao maduraren. Maduran no outono, é doce e suculenta, con pequenas sementes duras no centro.

HÁBITAT

Bosques claros, beiras de ríos e terreos fértiles, ricos en materia orgánica. Zonas ben drenadas e solos profundos e frescos.

DISTRIBUCIÓN

Europa e Asia occidental.

CURIOSIDADES

O seu cultivo está moi estendido en zonas temperadas de todo o mundo debido ó gran valor económico e gastronómico do seu froito.